



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

D.^a Virginia Fraga Díaz, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Sra. alcaldesa, con data de 17 de febreiro de 2026, ditou con número 192/2026 a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: ACCESO EXTRAORDINARIO ÁS EIM 2025/2026 - FEBREIRO (Expediente 2026/S004/000001)

EXPEDIENTE: 2026/G003/000208

Considerando que con data 4 de decembro de 2025 aprobose a listaxe actualizada de solicitudes, admitidas e excluídas, así como a listaxe de adxudicación e agarda de praza nas Escolas Infantís Municipais para o curso 2025-2026, facéndose pública no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello.

Vista a proposta elevada a esta alcaldía pola Comisión de Baremación, tras a súa reunión de 16 de febreiro de 2026, relativa á listaxe actualizada no mes de febreiro de persoas admitidas, excluídas e listaxe de adxudicación de praza e agarda para as escolas infantís municipais no curso 2025-2026.

Considerando que de acordo co previsto no artigo 12 do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do Concello de Teo (BOP nº 121, do 30/06/2021), a alcaldía debe resolver e ordenar a publicación da listaxe definitiva na que figure a puntuación obtida por cada unha das solicitudes.



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Admitir un total de tres solicitudes das catro presentadas fóra de prazo, que se incorporan como anexo á presente, ao cumprir os requisitos recollidos a estes efectos no art. 7.b) do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do Concello de Teo, conforme á proposta feita pola Comisión de Baremación tras a súa reunión do 16 de febreiro de 2026.

Segundo.- Aprobar a listaxe actualizada de solicitudes admitidas e excluídas e listaxe de adxudicación de praza e agarda das Escolas Infantís Municipais do Concello de Teo no curso 2025-2026 que se incorpora como anexo á presente.

Na presentación das solicitudes admitidas séguense os seguintes criterios:

- a. Os expedientes son identificados a través do número de entrada no Rexistro Xeral do Concello da solicitude de praza.
- b. Organízanse por centro e grupo de idade. Ordenándose as solicitudes de maior a menor puntuación e dando prioridade a aquelas que acceden a través do procedemento de reserva de praza. A puntuación incorpórase no apartado “R” (reserva de praza) ou “NI” (novo ingreso). Entre as novas solicitudes a orde fíxana os criterios de prioridade no acceso parar cada centro. No caso de existir unha igualdade de criterios e puntuación da solicitude, a orde vén marcada pola porcentaxe de renda sobre o IPREM, a menor porcentaxe maior prioridade.
- b. Nas observacións indícanse aspectos relevantes para a comprensión do total de información contida na listaxe; como a existencia de varias solicitudes dunha mesma persoa para distintos centros, indicando a orde de preferencia de cada centro; adaptacións de oficio sobre a demanda formulada, para adaptar esta ás normas de organización e funcionamento das escolas infantís; ou notas explicativas cando o cumprimento de requisitos ou a puntuación adxudicada provisionalmente se atopan



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

condicionados por aspectos que se entenderon obxecto de maior aclaración por parte das persoas interesadas. En caso de existir puntuacións con alta probabilidade de cambio marcaranse con un asterisco (*). Os casos de prelación por proceder de praza de urxencia, nenos e nenas que teñan necesidades específicas de apoio educativo, ser filla/o de traballadora dunha das EIM ou ter irmá/n con praza renovada no centro indícanse coas seguintes siglas: PU, NEAE, FTE e IPR respectivamente.

- c. No apartado “situación” indícase se a proposta é de adxudicación de praza ou de incorporación á listaxe de agarda. No caso de que na solicitude se formularan varias opcións e se consiga praza nunha destas, nas listaxes dos outros centros aparecerá indicado aquel en que se accede a praza. Márcase con un asterisco (*) aquelas prazas que xa foron adxudicadas tras anteriores reunións da Comisión.

No que respecta ás solicitudes excluídas nunha única relación faise mención ao motivo que causa dita non admisión.

Terceiro.- Facer público o contido da presente no Taboleiro de edictos do Concello e na Sede electrónica do Concello. Recordando, que para que se proceda á incorporación efectiva aos centros, as persoas que resultaron adxudicatarias de praza disporán dun máximo de 15 días naturais para incorporarse ao centro dende a recepción do chamamento no que se lle comunique a correspondente resolución, tal como se recolle no art. 12 bis da aprobación definitiva da modificación do regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís Municipais do Concello de Teo (BOP nº 121, do 30/06/2021).

Cuarto.- Ordenar a devolución do expediente aos Servizos Sociais Municipais para a súa xestión.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ANEXO I

RELACIÓN DE NOVAS SOLICITUDES PRESENTADAS FÓRA DE PRAZO

	Expediente	Consideración da solicitude	Grupo de idade	Centro solicitado por orde de preferencia
1	83/26	Admitida	0-1	Ramallosa, Tilos, Calo
2	RT0347/26	Admitida	1-2	Tilos
3	495/26	Admitida	1-2	Tilos
4	1121/26	Non admitida	0-1	Calo



ANEXO II

PROPOSTA ACTUALIZADA DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E AGARDA

EIM OS TILOS Grupo 0 - 1 anos								
HORARIO DE MAÑÁ			IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE			HORARIO DE TARDE		
	Observacións	Horario	Situación	Nº EXP.	R ou Puntos NI	Horario	Situación	Observacións
1	2ª opción.	8:00-16:00	agarda	5081/25	16 (74,68%)			
2	3ª opción.	10:30-14:00	agarda	RT3979/25	16 (81,69%)			
3		8:00-16:00	agarda	5050/25	10 (0,00%)			
4	3ª opción.	09:00-18:00	agarda	1001/25	9 (117,36%)	09:00-18:00	agarda	Horario ampliado
5	2ª opción. Nova solicitude.	9:00-16:30	agarda	83/26	8 (126,00%)	9:00-16:30	agarda	
6	2ª opción.	9:00-14:00	agarda	3474/25	7 (120,72%)			



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

EIM CALO Grupo 0 - 1 anos							
HORARIO DE MAÑÁ			IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE		HORARIO DE TARDE		
Observacións	Horario	Situación	Nº EXP.	R ou Puntos NI	Horario	Situación	Observacións
1 3ª opción.	8:00-16:00	agarda	5081/25	16 (74,68%)			
2 1ª opción.	10:30-14:00	agarda	RT3979/25	16 (81,69%)			
3 1ª opción.	09:00-18:00	agarda	1001/25	9 (117,36%)	09:00-18:00	agarda	Horario ampliado
4 3ª opción. Nova solicitude.	9:00-16:00	agarda	83/26	8 (126,00%)	9:00-16:00	agarda	
5 3ª opción	9:00-14:00	agarda	3474/25	7 (120,72%)			

EIM A RAMALLOSA Grupo 0 - 1 anos							
HORARIO DE MAÑÁ			IDENTIFICACIÓN EXPEDIENTE		HORARIO DE TARDE		
Observacións	Horario	Situación	Nº EXP.	R ou Puntos NI	Horario	Situación	Observacións
1 1ª opción.	8:00-16:00	agarda	5081/25	16 (74,68%)			
2 2ª opción.	10:30-14:00	agarda	RT3979/25	16 (81,69%)			
3 2ª opción.	09:00-18:00	agarda	1001/25	9 (117,36%)	09:00-18:00	agarda	Horario ampliado
4 1ª opción. Nova solicitude.	9:00-16:00	agarda	83/26	8 (126,00%)	9:00-16:00	agarda	
5 1ª opción.	9:00-14:00	agarda	3474/25	7 (120,72%)			
6	7:30-15:30	agarda	RT0858/25	7 (191,49%)			



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

EIM OS TILOS Grupo 1 - 2 anos								
HORARIO DE MAÑÁ			IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE			HORARIO DE TARDE		
	Observacións	Horario	Situación	Nº EXP.	R ou puntos NI	Horario	Situación	Observacións
1	Nova solicitude.	8:00-16:00	praza	RT0347/26	6 (351,25%)			
2	Nova solicitude. Non empadroados.	9:00-15:00	praza	495/26	15 (28,95%)			

EIM CALO Grupo 1 - 2 anos								
HORARIO DE MAÑÁ			IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE			HORARIO DE TARDE		
	Observacións	Horario	Situación	Nº EXP.	R ou puntos NI	Horario	Situación	Observacións
1								

EIM RAMALLOSA Grupo 1 - 2 anos								
HORARIO DE MAÑÁ			IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE			HORARIO DE TARDE		
	Observacións	Horario	Situación	Nº EXP.	R ou puntos NI	Horario	Situación	Observacións
1								



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

EIM OS TILOS grupo 2 – 3 anos							
HORARIO DE MAÑÁ			IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE		HORARIO DE TARDE		
Observacións	Horario	Situación	Nº EXP.	R ou puntos NI	Horario	Situación	Observacións
1							

EIM CALO grupo 2 – 3 anos							
HORARIO DE MAÑÁ			IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE		HORARIO DE TARDE		
Observacións	Horario	Situación	Nº EXP.	R ou puntos NI	Horario	Situación	Observacións
1							

EIM RAMALLOSA grupo 2 – 3 anos							
HORARIO DE MAÑÁ			IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE		HORARIO DE TARDE		
Observacións	Horario	Situación	Nº EXP.	R ou puntos NI	Horario	Situación	Observacións
1							



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

EIM CALO grupo 0 – 3 anos

HORARIO DE MAÑÁ

IDENTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE

HORARIO DE TARDE

Observacións

Horario

Situación

Aula

Nº EXP.

R ou puntos NI

Horario

Situación

Observacións

1



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ANEXO III

LISTAXES DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS

	Motivo de non admisión	Horario	Aula	Nª EXP.
1	Non presenta a documentación requirida (artigo 9º, do Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís Municipais do Concello de Teo)	09:00-14:00 15:00-20:00	0-1	1121/25



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da Sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Vº e Praxe

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz